



PRAIA DE BARRA-CABO HOME

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 3 horas



Praia de Barra

Unha camiñada para percorrer as praias máis naturais do Morrazo, e gozar da súa calma, e ver o contraste cos cantís da Costa da Vela.

A ruta discorre polo LIC Costa da Vela, un espazo de grande interese natural (polos ecosistemas dunares e de cantil e as especies que acolle) e paisaxístico (con vistas sobre a Ría de Vigo, as Illas Cíes e os cantís da Costa da Vela).

COMO CHEGAR:

Cóllese a estrada do Hío a Donón e nela o desvío a Viñó ata o aparcamento da praia de Barra. Desde alí baixamos á praia e seguímolos ata os cantís por onde pasa un carreiro que leva á pista do faro de Punta Sobrido. Desde alí baixamos á praia de Melide e seguimos ata punta Robaleira e Cabo Home. Pódese facer unha ruta máis ampla comezando en Nerga ou seguindo ata Donón.



Punta Sobrido cos illas Cíes ao fondo.



Praia de Melide, coa punta Robaleira ao fondo.



Vista das praias de Barra e Nerga desde Punta Sobrido



Centaurea sphaerocephala,
endémica do Oeste peninsular.
En Galicia só se atopa preto
da costa do sur de Pontevedra



Cantís de Cabo Home



Chuponas, mexillóns,
caracolas... nunha poza



Puntas Sobrido e Robaleira e Cabo Home